

## CONCURSO DE RELATOS 2022-2023

### BASES

1. A Biblioteca da Escola Oficial de Idiomas, os seus departamentos e as súas seccións organizan o presente concurso de relatos no que pode participar todo o alumnado matriculado no curso 2022-2023 de calquera idioma / sección / modalidade dos niveis A2, B1, B2, C1 e C2, incluído o alumnado dos cursos Celga.

2. O concurso ten por obxectivo premiar a mellor creación literaria en forma de relato nos idiomas estudados de entre as que se presentan e que cumpran os requisitos especificados.

#### 3. Requisitos e formato dos relatos

3.1. O relato deberá estar escrito no idioma polo que se desexe participar, idioma no que a persoa autora estea matriculada no presente curso, ou teña estado matriculada antes, na Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

3.2 O relato terá como fonte de inspiración unha noticia de prensa (en versión papel ou dixital). **Inspirándose nesta noticia fonte, o alumnado escribirá un relato de ficción, encabezado por un título, cunha extensión entre 150 e 300 palabras.**

3.3. Ademais do **relato de ficción** e da **noticia fonte**, deberase incluír tamén unha **tradución ao galego ou ao español** do relato, co obxectivo de que os membros do xurado poidan emitir o ditame do relato gañador, independentemente do idioma escollido. (Non son necesarias traducións no caso dos relatos que participen polos idiomas galego e español).

3.4. **O alumnado soamente poderá presentar o relato por unha lingua.**

3.5. Deberase indicar ao final do relato o número de palabras utilizadas na versión orixinal (e non na tradución ao galego/español).

3.6. O relato (tanto na súa versión orixinal como na tradución) deberá respectar o seguinte formato: fonte (letra) Arial ou similar, tamaño 12, páxina A4.

3.7. O relato debe ser orixinal e inédito.

#### 4. Envío do relato

4.1. Deberase enviar o relato por correo electrónico ao enderezo **[eoivigo.biblioteca@gmail.com](mailto:eoivigo.biblioteca@gmail.com)**.

No asunto do correo debe figurar o texto: "CONCURSO RELATOS 2022-2023".

4.2. Deben enviarse **tres arquivos**:

a) o primeiro arquivo terá por nome "**relato.pdf**" e incluírá o título e o texto completo do relato, o número de palabras utilizadas, e a súa tradución ao galego ou español. Non debe figurar ningún tipo de referencia á identidade da persoa autora.

b) A **noticia fonte** poderá presentarse dunha das seguintes maneiras:  
- coa ligazón URL (enderezo da web) ou ben cun documento PDF no cal figure a ligazón

e o texto da noticia da publicación dixital,  
- no caso de publicación en papel, cunha foto en formato JPG con texto lexible, onde figure o nome do medio que publica e a data.

c) o último arquivo terá por nome “**datospersonais.pdf**” e incluíra os datos persoais da persoa autora: nome, apelidos, número de DNI ou NIE, código do curso no cal está matriculado, enderezo electrónico e teléfono de contacto.

5. Prazo de presentación: **do 10 de novembro ao 9 de decembro de 2022** ás 21:00 h (ambos incluídos).

6. Será posible presentar un relato elaborado por un grupo de alumnos/as, en vez de a título individual, respectando os mesmos requisitos de anonimato.

#### 7. Premios e procedemento de elección

a) O departamento de cada idioma da EOI de Vigo elixirá o mellor relato de 2022 do idioma respectivo de entre todos os relatos presentados. **O mellor relato de cada idioma será premiado cun vale de 25 euros para a adquisición de material nunha librería da cidade.**

b) De entre eses nove relatos premiados escollerase, a partir da súa tradución, o mellor relato absoluto. **O mellor relato da Escola Oficial de Idiomas de Vigo do ano 2022 será premiado con outro vale de 25 euros.**

#### 8. Xurado

O xurado estará composto polo profesorado do equipo de biblioteca (agás a Responsable da Biblioteca, que será a receptora dos correos electrónicos cos datos persoais das persoas participantes) e outro profesorado que os departamentos establezan. Cada departamento organizará a comisión do xurado para os relatos elaborados na súa lingua.

O premio absoluto será decidido por un xurado formado por un membro do equipo directivo e as nove xefaturas dos departamentos.

9. Valorarase a relación do relato coa noticia, a creatividade e a calidade do texto.

10. Está previsto facer público os nomes das persoas gañadoras e os seus relatos a partir do 19 decembro 2022 a través da páxina web <http://www.eoidevigo.org/>

11. Os traballos gañadores serán publicados no blog da biblioteca <https://bibliotecaeoivigo.blogspot.com/> e na páxina web da EOI de Vigo <http://www.eoidevigo.org/>

12. Os traballos non premiados serán destruídos.

13. As comisións do xurado poderán declarar algún premio deserto se os relatos presentados non cumprisen algúns dos requisitos ou uns mínimos de calidade.

14. A organización do concurso resérvase o dereito de modificar estas bases se fose necesario.

15. A Escola Oficial de Idiomas de Vigo resérvase, se así o decidir, os dereitos de



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

Escola Oficial de Idioma de Vigo  
Av. Emilio Martínez Garrido, 17 - 36205 Vigo  
T. 986260210 - 986260261  
<http://www.eoidevigo.org>  
[eoivigo@edu.xunta.gal](mailto:eoivigo@edu.xunta.gal)



Escola  
Oficial  
de  
Idiomas

publicación dos relatos en medios impresos ou dixitais.

---

CONSELLOS E IDEAS PARA ESCRIBIR UN RELATO CURTO:

<https://escribrr.com/crear-historias-inspirarse-en-periodico/>

<https://cabaltc.com/como-escribir-relato-corto/>

<https://www.literautas.com/es/blog/post-3910/como-escribir-un-cuento-corto/>